

Número 19 .- Proposta do concelleiro delegado de Medio  
Ambiente e Convivencia relativa á supresión de prazas de  
aparcamento en diversas rúas por razón de seguridade vial.

Destinatario

15078DCMG10I0TVs



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na  
sesión ordinaria que tivo lugar o día 27 de maio de 2016,  
adoptou o seguinte acordo:

**19 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E  
CONVIVENCIA RELATIVA Á SUPRESIÓN DE PRAZAS DE APARCAMENTO EN  
DIVERSAS RÚAS POR RAZÓN DE SEGURIDADE VIAL.**


Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de  
Compostela da proposta, de data 23 de maio de 2016, do  
concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, así como  
do informe da xefe do servizo de Mobilidade e Seguridade da  
mesma data.

A proposta do concelleiro é do seguinte teor literal:

**"PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA.-**

Visto o informe emitido pola Xefe do Servizo de Mobilidade e  
Seguridade, desta mesma data, mostrando conformidade co mesmo, en  
canto á necesaria supresión da diversas prazas de aparcamento nas  
rúas que de seguido se relacionan, por razóns de seguridade vial,  
proponse que, pola Xunta de Goberno Local se adopte acordo nese  
sentido:

- Rúa do Hospitaliño.- Para ter acceso sen atrancos é preciso  
cambiar a carga e descarga da dereita e pasala a esquerda e  
eliminar as dúas primeira prazas de aparcamento do segundo  
tramo, o que supón eliminar 5 prazas en total.



|                                                                                                         |            |                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|-------------------------|
| Dependencia<br>CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de<br>Santiago de Compostela<br>38.- DPAIG |            |                         |
| Documento<br>CMG10I0TV                                                                                  | Expediente | Fecha<br>31-05-16 09:17 |

- Rúa dos Loureiros.- Do mesmo xeito, é necesario eliminar a praza que existe na rúa xunto ós colectores de lixo que dificultan o xiro cara a rúa do Hospitaliño. A praza que se suprime está baixo o réxima da ORA.
- Rúa da Atalaia: Nesta rúa para garantir un bo xiro dos vehículos de emerxencia teñen que suprimirse dúas prazas, na marxe esquerda.
- Rúa de Enfesta: Nesta rúa, pola súa escasa sección é necesario suprimir 5 prazas de aparcamento no seu primeiro tramo.
- Rúa de Altamira: Para poder garantir o paso dos vehículos de bombeiros, se suprimirán 4 prazas para vehículos en "zona permitida" e 12 fora dela, en total 16 prazas.
- Rúa de Touro dende o cruce coa rúa do Pino onde se considera necesaria a supresión dunha das dúas liñas de aparcamento da rúa o que supón a eliminación de aproximadamente 22 prazas.

Deberáse dar a debida publicidade á medida para xeral coñecemento da cidadanía.

Tendo en conta que o servizo da ORA está xestionado pola empresa Setex Aparki S.A., deberase poñer en coñecemento da entidade o acordo que se adopte."

O texto do devandito informe é o seguinte:

"ASUNTO.- SUPRESIÓN DE PRAZAS DE APARCAMENTO EN DIVERSAS RÚAS DA CIDADE.

Vistos os informes remitidos polo Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento e da Policía Local; ase como o informe do técnico municipal deste departamento de data 18 de maio de 2016, nos que se pon de manifesto os problemas de accesibilidade que presentan diversas rúas da cidade para o acceso dos vehículos de bombeiros, co conseguinte perigo e inseguridade que pode xenerar esta situación, infórmase.-



2

|                                                                                                             |                   |                                |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i><br>CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>38.- DPAIG |                   |                                |
| <i>Documento</i><br>CMG10I0TV                                                                               | <i>Expediente</i> | <i>Fecha</i><br>31-05-16 09:17 |

Diversos artigos do Real Decreto 1428/2003, de 21 novembro, por el que se aprueba el Reglamento General de Circulación para la aplicación y desarrollo del texto articulado de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial, aprobado por el Real Decreto Legislativo 339/1990, de 2 de marzo de 1990, refírense a esta cuestión relativa á seguridade vial nas vías públicas e a prohibición de parada ou aparcamento en situacións que poden supoñer un risco ou perigo para a mesma.

Ase, o artigo 91 determina cales deben ser os lugares para levar a cabo a parada ou estacionamento, sinalando que:

*1. La parada y el estacionamiento deberán efectuarse de tal manera que el vehículo no obstaculice la circulación ni constituya un riesgo para el resto de los usuarios de la vía, cuidando especialmente la colocación del vehículo y evitar que pueda ponerse en movimiento en ausencia del conductor (artículo 38.3 del texto articulado).*

A letra m) do parágrafo 2, recolle a prohibición de levar a cabo paradas ou estacionamentos que constitúan perigo ou obstaculicen gravemente o tráfico de peóns, vehículos ou animais.

Pola súa banda, o artigo 94 establece; no seu apartado primeiro, cales son os lugares nos que está prohibido parar, entre eles, os carrís e parte das vías reservadas exclusivamente para a circulación ou servizo de determinados usuarios, como son as beirarrúas; e no segundo apartado, aqueles zonas prohibidas para estacionar, por exemplo sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ó paso de peóns.

Ademáis,, aínda que a normativa de circulación non está a permitir a parada ou estacionamento nestas condicións, a realidade é que nas rúas estreitas como ás que se fai referencia nos devanditos informes e aquelas nas que un dos seus marxes está ocupado por vehículos, en moitas ocasións non queda outra alternativa que facelo na beirarrúa o que ocasiona perigo para os peóns, ademáis de facer aínda máis complicado o seu tránsito para os vehículos de emerxencia.

A Ordenanza de Circulación e Uso da Vía Pública dispón no seu primeiro artigo que, o concello de Santiago ten competencia atribuída entre outras normas por Lei de bases do réxime local, Lei de bases do tráfico e seguridade vial, o Real decreto legislativo 339/90 do 2 de marzo sobre tráfico, circulación de

|                                                                                                         |            |                         |
|---------------------------------------------------------------------------------------------------------|------------|-------------------------|
| Dependencia<br>CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de<br>Santiago de Compostela<br>38.- DPAIG |            |                         |
| Documento<br>CMG10I0TV                                                                                  | Expediente | Fecha<br>31-05-16 09:17 |

vehículos a motor e seguridade vial, e o Real decreto lei 12/97, do 1 de agosto para a regulación dos usos das vías urbanas, incluído o réxime de parada e estacionamento, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios, coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas.

Neste marco o artigo 35 da Ordenanza dispón tamén que o Concello debe establecer as medidas de estacionamento limitado co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, a protección do patrimonio histórico, no seu caso, así como de outros usuarios da vía pública.

Entre estas medidas pode contemplarse a posibilidade de suprimir determinadas prazas de aparcamento da ORA, e ase a Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da O.R.A. e Aparcamento de Residentes, establece na súa letra c) que a Xunta de Goberno Local, previos os informes técnicos correspondentes, a proposta do Concelleiro responsable, poderá, suprimir ou crear as prazas de estacionamento do sistema ORA para a mellor acomodación do viario os usos e tránsitos rodados e peonís execución de obras en dominio público, traslado de contenedores de residuos, etc).

Por mor da seguridade dos cidadáns e en evitación do risco que pode suponer que non podan acceder os vehículos de emerxencia a determinadas vías da cidade, propónse, de conformidade co informe do técnico municipal deste departamento, de data 18 de maio de 2016, suprimir prazas de aparcamento nas mesmas, segunda relación que se xunta:

- Rúa do Hospitaliño.- Para ter acceso sen atrancos é preciso cambiar a carga e descarga da dereita e pasala a esquerda e eliminar as dúas primeira prazas de aparcamento do segundo tramo, o que supón eliminar 5 prazas en total.
- Rúa dos Loureiros.- Do mesmo xeito, é necesario eliminar 1 praza que existe na rúa xunto ós colectores de lixo que dificultan o xiro cara a rúa do Hospitaliño. A praza que se suprime está baixo o réxima da ORA.
- Rúa da Atalaia: Nesta rúa para garantir un bo xiro dos vehículos de emerxencia teñen que suprimirse 2 prazas, na marxe esquerda.
- Rúa de Enfesta: Nesta rúa, pola súa escasa sección é necesario suprimir 5 prazas de aparcamento no seu primeiro tramo.

- Rúa de Altamira: Para poder garantir o paso dos vehículos de bombeiros, se suprimirán 4 prazas para vehículos en "zona permitida" e 12 fora dela, en total 16 prazas.
- Rúa de Touro, dende o cruce coa rúa do Pino onde se considera necesaria a supresión dunha das dúas liñas de aparcamento da rúa o que supón a eliminación de aproximadamente 22 prazas.

Deberáse dar a debida publicidade á medida para xeral coñecemento da cidadanía.

Tendo en conta que o servizo da ORA está xestionado pola empresa Setex Aparki S.A., deberase poñer en coñecemento da entidade o acordo que se adopte."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Por mor da seguridade dos cidadáns e en evitación do risco que pode supoñer que non podan acceder os vehículos de emerxencia a determinadas vías da cidade, suprimir prazas de aparcamento nas mesmas, segunda relación que se xunta:

- Rúa do Hospitaliño.- Para ter acceso sen atrancos é preciso cambiar a carga e descarga da dereita e pasala a esquerda e eliminar as dúas primeira prazas de aparcamento do segundo tramo, o que supón eliminar 5 prazas en total.
- Rúa dos Loureiros.- Do mesmo xeito, é necesario eliminar 1 praza que existe na rúa xunto ós colectores de lixo que dificultan o xiro cara a rúa do Hospitaliño. A praza que se suprime está baixo o réxima da ORA.
- Rúa da Atalaia: Nesta rúa para garantir un bo xiro dos vehículos de emerxencia teñen que suprimirse 2 prazas, na marxe esquerda.
- Rúa de Enfesta: Nesta rúa, pola súa escasa sección é necesario suprimir 5 prazas de aparcamento no seu primeiro tramo.

|                                                                                                             |                   |                                |
|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------|-------------------|--------------------------------|
| <i>Dependencia</i><br>CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela<br>38.- DPAIG |                   |                                |
| <i>Documento</i><br>CMG10I0TV                                                                               | <i>Expediente</i> | <i>Fecha</i><br>31-05-16 09:17 |

- Rúa de Altamira: Para poder garantir o paso dos vehículos de bombeiros, se suprimirán 4 prazas para vehículos en "zona permitida" e 12 fora dela, en total 16 prazas.
- Rúa de Touro, dende o cruce coa rúa do Pino onde se considera necesaria a supresión dunha das dúas liñas de aparcamento da rúa o que supón a eliminación de aproximadamente 22 prazas.

Deberáse dar a debida publicidade á medida para xeral coñecemento da cidadanía.

Tendo en conta que o servizo da ORA está xestionado pola empresa Setex Aparki S.A., deberase poñer en coñecemento da entidade o acordo que se adopte.

**O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE  
SANTIAGO**

**Asdo: Xan Xesús Duro Fernández**

